

Os demostrativos e os posesivos

LEMBRA

Os **demostrativos** identifican seres ou obxectos pola distancia á que se atopan, no espazo ou no tempo, con respecto á persoa que fala. Cando acompañan os substantivos, van no mesmo xénero e no mesmo número ca eles.

Os **posesivos** expresan que un ser ou obxecto pertence a alguén a quen chamamos posuidor. A forma dos posesivos indícanos se o posuidor é unha persoa ou son varias, e infórmanos de se se trata da persoa que fala, da que escoita, ou de alguén distinto de quen fala ou escoita. Cando acompañan os substantivos, os posesivos van no mesmo xénero e no mesmo número ca eles. Ademais, en galego adoitan ir precedidos do artigo.

1 Arrodea os posesivos que aparecen nestas oracións e clasifícaos na categoría que corresponda.



A **miña** amiga Rosa e mais eu preparamos xuntas a nosa viaxe ao espazo.



Onte Amelia e mais eu contemplamos a Lúa desde o **seu** telescopio.



A **meu** irmán moléstalle o ruído dos foguetes.



Esa constelación é luminosa porque as **súas** estrelas están próximas ao **noso** planeta.



Hoxe, na **túa** serie preferida, os marcianos despedían a **súa** nave espacial.



A **vosa** empresa usa a mellor tecnoloxía: o **voso** traxe espacial é o máis resistente.

Un posuidor

miña, seu, meu, súas, túa

Varios posuidores

noso, súa, vosa, voso